



O NADAL



XVII
certame
de
xornalismo
certame
de
poesía



XVII CERTAME DE XORNALISMO SOBRE O NADAL

Patrocina:



Consellería de Cultura e Xuventude

DEBUXO LOGOTIPO:
XOSÉ RODRÍGUEZ VARELA

DESEÑO MAQUETACIÓN:
XESÚS FRAGA

COORDENACIÓN:
XULIO XIZ RAMIL

IMPRESO EN «LA VOZ DE LA VERDAD»
DEP. LEGAL LU 566 - 1993

XVII CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL

Patrocina



A U L A D E C U L T U R A


A publicación dos traballos premiados é posible pola colaboración da Dirección Xeral de Política Lingüística, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, da Xunta de Galicia.

ARREDOR DO NADAL

Cando celebrámo-la XXII edición do Belén Electrónico de Begonte, ve a luz por cuarta vez “O NADAL”, publicación que recolle os traballos premiados na XVII edición dos Certames de Poesía e Xornalismo do Centro Cultural que leva o nome do meu lembrado irmán, JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN.

Como nos anos anteriores, quero –de novo– facer consta-lo agradecemento do Centro Cultural e do Belén do Begonte, e naturalmente o meu recoñecemento persoal, a tódolos que fan posible o noso labor: CONSELLERÍA DE CULTURA E XUVENTUDE, DEPUTACIÓN PROVINCIAL, CONCELLO DE BEGONTE, CAIXA GALICIA e CAIXA RURAL, así como á DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA da CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, gracias á que ano tras ano pode afrontarse esta publicación.

Un ano máis, abrímos-las portas do Belén de Begonte, e invitamos a todos a visitar esta casa da Fe e da Cultura, no tempo do Nadal. Que o Señor que nace de novo nos dea a todos PAZ e BEN.

A handwritten signature in black ink, appearing to read "Xesús Domínguez Guizán", is enclosed within a stylized oval frame consisting of several concentric and intersecting curved lines.

Xesús Domínguez Guizán
Presidente do Centro Cultural de Begonte.



POESÍA

O Centro Cultural «José Domínguez Guizáñ» de Begonte —entidade que promove o Belén Electrónico co patrocinio da Aula de Cultura de CAIXA GALICIA, co gallo do Nadal 1992, ven de convoca-lo «XVII CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBOR DO NADAL», que se vai rexir polas seguintes BASES:

- 1.—Poden participar tódolos poetas que o desexen, con textos en galego ou castelán.
- 2.—O tema dos traballos ha se-lo de O NADAL, desde calquera punto de vista.
- 3.—Hanse valora-los textos que fagan referencia a Begonte e o seu Belén.
- 4.—É libre a construcción dos poemas e a medida dos versos.
- 5.—Hanse concede-los seguintes premios:

PREMIO BEGONTE DE POESÍA, dotado con 100.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos.

SEGUNDO PREMIO, 50.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos.

- 6.—A remisión de orixinais farase por tripulado ó Centro Cultural de Begonte (Lugo), tanto persoalmente como por correo certificado, denantes das doce horas do día seis de xaneiro de mil novecentos noventa e tres.

- 7.—Tódolos traballos han ser presentados con plica, facendo constar dentro dela os datos persoais do autor.

BEGONTE (Lugo), novembro de 1992.

BASES

FALLO DO XURADO DO XVII CERTAME DE POESÍA “BEGONTE E O NADAL”



O Xurado calificador dos traballos presentados ó XVII CERTAME DE POESÍA “BEGONTE E O NADAL”, formado por:

- D. DARIÓ XOHÁN CABANA YÁÑEZ
D. XAVIER RODRÍGUEZ BARRIO
D. FRANCISCO MARTÍN IGLESIAS
(PACO MARTÍN) (escritores)
D. RAMÓN SOILÁN PENAS (en representación da entidade patrocinadora)
D. XULIO XIZ RAMIL (en representación da entidade convocante, que actúa como secretario)

acorda emitir o seguinte fallo:

- PREMIO BEGONTE DE POESÍA, dotado con 100.000 pts. e estatuíña de Sargadelos, ó poema “PAISAXE E ALMA EN NADAL”, presentado por DONA MARÍA GÓMEZ, de Conturiz (Lugo).
- SEGUNDO PREMIO, dotado con 50.000 pts. e estatuíña de Sargadelos, ó conxunto de poemas titulado “NADALIÑA”, do que é autor DON VICTOR CAMPÍO PEREIRA, de Ourense.

O SECRETARIO DO XURADO

Xulio Xiz Ramil

FALLO
DO
XURADO



MARÍA DO MAR GÓMEZ FERNÁNDEZ

María do Mar Gómez Fernández naceu en Conturiz (Lugo) en 1971. Cursou estudos de bacharelato na capital lucense. Xa nos anos do bacharelato as súas aficións lle acadan varios premios en prosa e en verso, no ámbito escolar.

Desde 1990 cultiva case exclusivamente o xénero poético, tanto en galego como en castelán. Nesta lingua, ten inédito un libro de poemas titulado “Flor de flores”.

En galego, figurou entre os finalistas do premio “O Grelo de ouro”, de poesía, en 1993. E obtivo o primeiro premio na XVII edición do Certame Poético do Nadal en Begonte.

PAISAXE E ALMA EN NADAL

Atravesando un tempo de adventos portentosos
dentro da alma más que dos ollos,
pero más corporal que un paxaro entre as mans.

(Estáo a dicir un Neno,
a alborada dun Neno, cos seus brazos
que sulcan como ás
nun voo superior que habita ó mundo).


Atravesando o tempo, escrito está
nas veas mesmas do aire
e no tremor azulísimo
duns peitos inmensos de muller de Xudea.
Escrita está no silencio
esta noito balsámica,
meridiana e aberta,
onde se rompe o tempo que celebran as pombas
na paz serena da noticia
de que Deus se vén ata esta vida
tremenda de vivir.

Escrito está no aire
o día da Noite que desposa
nimbos e ritos, onde só El sabe
da luz que nos sementa e nos fecunda.

Escrito nesta hora xamais interrumpida,
porque nunca tan forte de futuro
medra a árbore
e a sombra de home que exercemos:
Porque a toda esperanza chega un Neno
desde as pombas de tódalas promesas.

Contra o ermo do pranto é Nadal.
Noiteboa no home é o Amor
e o perfume do inverno nunha hora da alma:
O Amor, totalmente,
camiñando os pes das humildades,
abrindo as portas do misterio.
O Amor, sinxelamente,
sen acenos de élite, sen pompa.

Tregua de Deus para prestarlle asilo
á torpeza gris da nosa neve.
Este frío asediado pola luz dunha estrela
que borra ese naufraxio en que habitamos,
que inunda o corazón, e que non durme
por chegar sempre a tempo para todos.



VICTOR CAMPIO PEREIRA

Naceu en Garabás (Carballiño, Ourense). Estudiou Maxisterio en Ourense e licenciouuse en Filología Hispánica en Madrid, onde residiu vinte anos.

Publicou os seus primeiros poemas nas revistas "POSÍO, ARTE Y LETRAS" e "MIRADOR GALAICO". Poemas seus apareceron tamén nas revistas "DORNA", "TREBO", "ENCRUCILLADA", "CADERNOS do TÁMEGA", etc...

Autor do poemario "O ar que nos leva".

Actualmente exerce como profesor de Literatura no INB "As Lagoas" de Ourense.

NADALIÑA (no Belén de Begonte)

I

O vento da nordesía
espeta na carne agullas.
O ceo chora bagullas
de neve, na noite fría.
¡Noite de Santa María
en Begonte, con amor!
¡Noitiña nunca mellor
dun Rei nado sen coroa!
¡Noitiña da Noiteboa!
¡Noite do Noso Señor!

II

No Portal hai unha Estrela
e polas sendas do monte
xentes de todo Begonte
chegan aquí para vela.
Mulleres de Lousadela,
homes de Uriz e Carral,
de Gaibor, de Valdomar,
de Donalbai e Damil,
de Pacios e de Felmil,
cantan ó pé do Portal.

III

O dondo berce de feno
tén quentura mol de colo
e o vento fíxose arrolo
para arrolar ó Deus-Neno.

¡Deus tan alto e tan pequeno!
¡Dá ledicia e dá tristura!
¡Ouh divina arquitectura
deste belén, onde está
unha virxe temperá
recriando a Criatura!

IV – FALA A VIRXE

Terei de lle dar arrolo
neste covallo de palla.
Xosé, queridiño, espalla
ben a palla no brecolo.
¡Que o brecolo sexa colo
de palla e non de madeira!
¡A palla a pantrigo cheira
e a madeira cheira a cruz!
¡Non quero pra o meu Xesús
tan cedo a cruz verdadeira!

V – FALA SAN XOSÉ

Eu na madeira traballo
con amor de carpinteiro.
Fago serrín do piñeiro
e virutas do carballo.
Pero xa ves como espallo
sobor do brecolo o feno.
Tampouco eu quero pra o Neno
tan cedo o cheiro da cruz.
¡Non quero pra o meu Xesús
a cruz desde tan pequeno!

VI – OFRENDA DOS PASTORES

Nós traémosche pra Ti,
Deus-Neno, o amor de Begonte.

(Un anxo díxonos onte
que Tí naceras aquí).
Eu traio a flor do alhelí.
Eu, queixo e pan no zurrón.
Eu, as ramas do algodón
albeiras e garimosas.
Eu, este feixe de rosas
que che sirvan de xargón.

VII – CHEGAN OS REIS

Media noite. Na coviña
deste belén cheira a incenso.
O silencio faise tenso
con laude de ladaíña.
Por enriba unha estreliña
parece e desaparece.
Está nevando. Aterece
de frío o mundo. Os monarcas
baleiran as súas arcas.
Deus é louvado. ¡Amañece!

VIII – OFRENDA DO POETA

Señor: poeta nacín
como puiden nacer rei.
Veño de lonxe e non sei
facer ofrenda de min.
Traio no peito un xardín
de caraveles. Tamén
deito aquí neste belén
a ofrenda do meu amor:
¡Acada con ben, Señor,
estes meus versos. ¡Amén!

sanal para levar
ousas da vida, cheo de ari-
niversais, nosos devance-
dos dos nosos inxenios
n habilidade, inxenio e
arredor é tamén un
ropicio para que a
da á ledicia arte.
viva medre e
amíños e
mas

lúa, a
parpadexa...
ata o amencer du-
no que se aviva a ch'a-
Nunha xuntanza armo-
os protagonistas figuran
o plano: Os Rei-
xo e S. Xosé, e
arón do Neno Deus,
aria e S. camellois re-
nde viaxe;
nas, un
erm

PRENSA

XVII CERTAME XORNALÍSTICO “BEGONTE E O NADAL”

O Centro Cultural «José Domínguez Guizán», de Begonte (Lugo), entidade promotora do Belén Electrónico de Begonte, co patrocinio da Consellería de Cultura e Xuventude da Xunta de Galicia, e co fin de potencia-lo espírito do Nadal, e que se coñezan mellor os actos que con este motivo se celebran en Begonte, convoca o *XVII CERTAME XORNALÍSTICO «BEGONTE E O NADAL»* dacordo coas seguintes bases:

A.—Poderán tomar parte neste certame os que publiquen, en calquera xornal ou revista, en lingua galega ou castelán, algún traballo ou serie de traballos sobre calquera tema que faga referencia ó Nadal en Begonte e —en xeral— ó Nadal en Galicia.

B.—Establécense dous premios para os que se consideren os melhores traballos presentados, dotados con:

PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO.—
50.000 pts. e estatuíña de Sargadelos.

SEGUNDO PREMIO.— 25.000 pts. e estatuíña de Sargadelos.

C.—O prazo de entrega dos traballos que se presenten ó certame rematará ás 12 horas do próximo día seis de xaneiro de mil novecentos noventa e tres, debendo facerse a entrega no Centro Cultural de Begonte, persoalmente ou por correo.

D.—A presentación ha facerse por triplicado exemplar do xornal ou revista na que se publicase o traballo, xunto cunha nota na que se fagan constá-los datos persoais do autor.

BEGONTE, NADAL de 1992.

BASES

FALLO DO XURADO DO XVII CERTAME XORNALÍSTICO “BEGONTE E O NADAL”



FALLO DO XURADO

O Xurado calificador dos traballos presentados ó XVII CERTAME XORNALÍSTICO “BEGONTE E O NADAL”, formado por:

D. ANTONIO CALVO VARELA (Delegado provincial de Cultura), presidente; D. XOSÉ TRAPERO PARDO (Académico); D. MARCIAL GONZALEZ VIGO (Radiofonista); D. JESÚS DOMÍNGUEZ GUIZÁN (presidente do Centro Cultural convocante), vocais; e D. JOSÉ RODRÍGUEZ VARELA, secretario,

acordou emitir o seguinte fallo:

PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO, dotado con 50.000 pts. e estatuíña de Sargadelos. Concédese a D. XOSÉ MANUEL CARBALLO FERREIRO polos seus traballos publicados no xornal “El Progreso” os días 27 de decembro de 1992 e 3 de xaneiro de 1993 cos títulos “BELÉN EN SUSCASTROS CAMIÑO DE BEGONTE” e “PARADA EN BEGONTE, DE CAMIÑO DE SUSCASTROS”.

SEGUNDO PREMIO, dotado con 25.000 pts. e estatuíña de Sargadelos. Concedese a D.^a MARÍA GUILLERMINA MOSQUERA, polo seu traballo publicado no xornal “El Progreso” o 31 de decembro de 1992, co título “O MUSEO DO NADAL”.

O SECRETARIO DO XURADO,

José Rodríguez Varela



XOSÉ MANUEL CARBALLO FERREIRO

Xosé Manuel Carballo Ferreiro naceu en Goberno (Castro de Rei da Terra Cha) o ano 1944.

É crego, e exerce o seu Ministerio en varias parroquias de Castro de Rei, entrelas a capital do Concello. Foi formador no Seminario de Mondoñedo.

Humorista e prestidixitador, por riba de todo é un home da Igrexa e da Cultura; animador cultural e auténtico vivificador social.

Ten publicado teatro (O MENCHÍNEIRO Á FORZA, RECOBROU O SORRISO O ELEUTERIO, ¿BO NADAL?, e un longo etcétera), narración (PARÁBOLAS CHAIREGAS) e comentarios de prensa. Semanalmente publica en El Progreso unha páxina de comenario social e humano.

Ten acadados premios de xornalismo en Sarria e Vilalba; de investigación histórica en Bazar (Castro de Rei) e –neste 1993– o Premio de narración do Concello de Vilalba.

En Begonte, precisamente con dous dos seus traballos en El Progreso, acadou o primeiro premio da XVII edición do Certame de Xornalismo sobre O Nadal.

BELÉN EN SUSCASTROS CAMIÑO DE BEGONTE

VINTEDÚAS

Teño o vicio ou a virtude, ¿quen sabe?, de pillar autoestopistas cando viaxo. O catorce de decembro fíxome o sinal de autoestop, nun kilómetro impreciso da Nacional VI, unha parella de mozos que semellaban recén casados pola súa mirada limpia dos corazóns virxinais.

Foi a carón do letreiro de Suscastros. Suscastros ven cadrando entre o Bierzo e Cabo Prior pola banda de Corcubión. Tamén podería chamarse Miñotelo; pois todo el é ribeira miñota, desde Fonmiñá ate a Guarda.

O mirar de ambos dous mozos era todo luz e o seu falar aplomado era un drenaxe linfático do espírito. A súa conversa trocou tódalas miñas presas, —que non eran poucas—, en solaz reconfortante.

Expresábanse correctamente en galego; pero o seu acento non era nin o de Noia, nin o de Fonsagrada, nin o da miña Terra Chá. E isto de non poder situálos pola fala, deu lugar a que lles preguntase pola súa procedencia, adiantando, iso sí, algo de min mesmo para infundir confianza:

—Eu viaxo aínda ben e coñeo os falares territoriais de moitos sitios... ¿Vosoutros igual non sodes de por aquí, ou estivestes fóra?

—Nós somos de aquí e de acolá, —responderon—. Somos de tódolos sitios e non somos de ningures.

A evasiva fíxome pensar que non debería mete-lo fuciño onde non me chaman; pero tamén cavilei que, se ocultaban a súa identidade xeográfica, o mesmo eran inmigrantes ilegais. Así que proseguín:

Se estades clandestinos, non teñades medo; que non penso denunciarvos. E, se tedes dificultades económicas, podo poñervos en contacto con Cáritas.

¡Ah! Esquencéuseme dicir que a moza estaba en cinta e parecía levar con gozo a súa preñez xa ben adiantada.

A míña plática contestaron:

—Non somos inmigrantes nin emigrantes, nin temos paradeiro fixo; porque somos de Calquera Sitio. Nin temos tampouco dificultades económicas, debido a que o noso traballo é un dos más fermosos; anque, se hemos de dicilo todo, non sempre goza do aprecio e recoñecemento que merecería por parte da sociedade.

—Iso pasa con moitos traballos, —comentei eu—. ¿A que vos dedicades, logo, se non é moita a pregunta? ¿Non seredes asistentes sociais?

—Somos instaladores de belenes—, respondeu o home en son de quen non se dá moita importancia.

—Logo, fariades cursiños de decoración; porque, para instalar belenes fóra da casa, haberá que estar titulados. ¿Sodes decoradores profesionais?— preguntei.

—Non. Somos más ben restauradores—, respondeu ela.

Non entendín nada e tampouco puiden evitar botarllas outra ollada polo retrovisor. Os seus rostros infundían ternura e confianza, de maneira que proseguín:

—Neniña, ti, no estado en que te atopas, non debías andar facendo traballos que che esixen andar encrequenada. ¿Non ves que podes malogra-la criatura?

Fixo un aceno de sorrir, e desconcertoume dicindo:

—Eu desembarázome en cada belén que instalamos. Esta mesma noite desembaraceime en Suscastros.

Parecían moito más cordos ca min. Así que comenciei a pensar se non estaría empezando eu a desvariar. Debéronse traslucir as miñas angurias internas na miña faciana; pois, cando se atoparon os ollos dos tres no retrovisor, eles fitábanme con moita compaixón. O home, con inmensa comprensión para a miña cortedade, preguntoume:

—¿Quere que lle expliquemos o que pasou en Suscastros?

—Agradeceríavolo moito, se non vos importa—, supliquei.

—Pois, verá, —seguíu el—. Chegamos onte á noitiña e dirixímonos á taberna do Eleuterio e da Rosa... Suscastros foi grande noutros tempos.

Contradicíu sen autosuficiencia a muller: Suscastros sigue sendo grande; pois bótase moi to por fóra dos seus lindes xeográficos; xa que tén veciños afectivos en Xenebra, Buenos Aires, Sydney, Singapur e Baracaldo. Os de Suscastros pásalles coma ós de Galilea: vecéllaos a saudade á súa terra, “que deita leite e mel”.

—É certo, —aceptou o home e proseguíu—. Na taberna estaba o Elías facendo solitarios cunha baralla encoirada de cantos desfrebados. O Elías xa coñece as sotas polos guantes e os caballos polas ferraduras; pero en realidade ese libriño de só corenta follas para el non pasa de ser unha boa disculpa para ficar pechado en sí mesmo; pois, desde que lle morreu de tise gallopan-

te a única moza que tivo, , vive en perpetua lúa de mel co seu exclusivo relembo morno. A súa afectividade sufre de fixación inmutable nos preparativos da voda.

Corrixíu a muller: —Mais ben dirás: sufría. Pois, a pouco que falaches con él, ben viches que che ofreceu o traballo que lle ofreceran a el, coa disculpa de que prefire seguir de xornaleiro, que así goza de más liberdade. E tamén foi dos que más se preocuparon de relousar a casa pequena do Ricardo para que tivesemos onde meternos co neniño. Ademais, a estas horas parécmeme que xa está matinando en facerlle as beiras á Gabriela; porque lle chegou moi adentro aquello que lle dixemos de que a súa antigua moza tería felicidade más plena se o vía a el feliz e non tristeiro e ensumido en si.

—É fermoso, —dixen eu—; pero coidaba que vos axudaría a instala-lo belén na taberna; ¿ou non o instalastes alí?

—¡Claro que nos axudou! —exclamou o viaxeiro—. El foi o primeiro que tratou de falar con outros veciños que colaborasen a relousa-la casa do Ricardo. Este Ricardo tamén axudou o seu e iso que cando chegamos tiña unha melopea moi graciosa; pois quería por encima de todo que a miña muller tomase unha copa de anís. Desde a súa ebriedade filosófica consideraba que unha muller bebendo man a man con el na taberna do seu pobo é o signo más sublime da liberación femenina.

Interrumpíu a muller: —A min deume pena; porque, segundo nos dixerón, bebia para afogala señardade que lle producíu que o seu único fillo deixase a casa patrucial para irse de conduc-

tor de autobuses urbáns en Hernani. Polo visto tanto o bo do Ricardo coma a súa muller traballaron moito, apezaron leiras e pasárona estreita para que o seu fillo puidese vivir da labranza más a gusto ca eles; pero nin con esas. El tivo que romper co pasado para ter futuro.

Pasabamos por diante dun bar emprazado á beira da estrada. Reducindo áinda máis a marcha do automóvil, pregunteilles:

—¿Queredes baixar e tomar algo? ¿Non, te redes que ir ó servicio?

—Non, gracias. Imos moi ben e, sen necesidade, non acostumamos a gastar, que hai moita xente que carece do imprescindible.

Como para xustificarme, dixen:

—Está ben; pero os dos bares tamén teñen que vivir... ¿Ese tal Ricardo tamén está só, ou está casado?

Estao, —respondeu el— cunha boa muller, anque un tris cusmela e algo lareteira. Sofre moito polas bebedelas do home e porque este non ceda en permitir que o fillo volva a dar unha volta pola casa. Ela foi a que nos ofreceu a casinha pequena e sen cobrarnos nada de aluguer. O home, de entrada, aparentaba preferir que non se relousase e que caese nunha pila.

—Si, —volveu a completa-la viaxeira—; pero tampouco tardou en deixarse convencer de perder-la ilusión é coma morrer antes de tempo e emborracharse un día si e outro tamén non se diferencia moito de vivir enterrado nun bocoi... Á noite, cando chegamos non parecía ter más razón para vivir que o beber; pero pola mañá, antes de sairmos, escachelou alí mesmo na taberna un vaso de dura-lex mediado de tinto, tra-

tando de demostrarse a si mesmo e a todos que xa non é o bardallas da véspera... Deixar a ver o que persevera.

Eu non atinaba a relacionar con coherencia toda a endrómena que me viñan contando coa profesión de ser instaladores de belenes; pero tampouco quería preguntar directamente para non quedar por pouco agudo, así que lancei unha pregunta indirecta:

-¿E dicides que o Ricardo ese tamén axudou a instala-lo belén? Pois... non creo que estivese en moi boas condicións...

-Axudou moito, -responderon os dous a coro-. Foi o que fixo máis esforzo e puxo máis coraxe.

Decidinme xa dunha vez a non andar con más voltas e ataquei de fronte: -Pero imos a ver, ¿instaláste-lo belén na taberna, si, ou non?

-Instalámolo na taberna e en todo Suscastros.

-¿En todo Suscastros?

-Si, en todo Suscastros, e na taberna tamén; poque Eleuterio, o dono, que non volvera a desfrunci-lo ceño desde que hai vinte anos enterrou a coraza que levaba sobreposta e que tanto lle tiña feito matinar á súa muller en se enterraría coa nena o corazón, e case profilla ó neníño que naceu na súa casa. Quedaba pensando en facer unha festa de sete estalos o día do bautizo; porque aceptou se-lo padriño e que se lle poña ó neno Uxío, en memoria da neniña que se malogrou.

Non tiven máis remedio ca arrimar para o arcén e frea-lo coche. Revireime cara o asento traseiro e no límite do desconcerto preguntei:

-Pero..., ¿pode saberse de que belén e de que neno falades? ¿Non estaredes por volverme tolo?

Falamos do noso Neno e do Belén de sempre, -respondeu a muller-. ¿Non lle dixemos que eu desembarázome en cada Belén que reproducimos?

-¿E as figuras?

-Xa estaban en Suscastros. Nós non tivemos más ca axudarles a impregnarse do Espírito de Belén descubrindo a presencia do Neno.

-¿E había castelo?

-Había varios; pero esborrexeron cos anos e coa liberación.

Agora xa comenzaba a entender. Deume que facer. Só me quedaba unha pregunta antes de proseguir la viaxe: -¿Podedesme dicir que foi dese neno que falades? ¿Deixástelo alí?

-Xa era veciño de Suscastros desde hai dous mil anos. Só había que axudar a descubrilo de novo.

Seguimos viaxe cara a Begonte, onde tiña unha cita co señor cura para facerlle unhas preguntiños sobre o belén desta vila que tamén é Suscastros.

PARADA EN BEGONTE, DE CAMIÑO DE SUSCASTROS

VINTESEIS

O domingo pasado comprometérame, se Deus quería, a seguir relatando algunhas conversas más que mantivemos os dous misteriosos viaxeiros que recollera á saída de Suscastros e eu. Recordaredes que os pillara facendo autoestop o día catorce de decembro. E, ó longo da viaxe, desconcertáranme máis dunha vez sen mala intención por parte deles. Despois de que me deixasen ben aclarado como fora o asunto de instala-lo Belén en Suscastros, tratando de atallar, metémonos por Trasmontes. Durmiron unha miaxiña; porque a noite anterior pasárana en vixía e, en canto despertaron tampouco falamos moito; pois adicámonos principalmente á contemplación dos vales e valgadas nos que a remates de abril se misturan as sombras alongadas dos amieiros e as recortadas dos salgueiros cos arrechouchíos armónicos dos reiseiros e as brincadelas fuxidías dos carrizos.

Doutra banda, non era preciso que falásemos nós. Falaba a auga dos cen regatos rixosos e riseiros, fillos e netos do patriarca Miño. O Miño tamén atravesa Suscastros. E Suscastros non sería Suscastros sen o Miño venerable.

Ó chegar a Begonte díxenlle:

-Teño que parar aquí un pouquiño, que quero falar unha palabriña con Xesús, o cura. Nestas datas o máis seguro é que estea no Centro Cultural que leva o nome de seu irmán; porque alí está instalado o belén electrónico e el, Xesús, é o canteiro oficial deste belén.

Sorríu a muller viaxeira e aclaroume:

-Canteiro é pouco... Este cura é arquitecto constructor de fermosas casas do país nas que conviven a fantasía co respeto pola paisaxe.

Segundo, por seguir, e na incertidumbre de cal sería a súa nova saída, seguín eu:

-Don Xosé, o seu irmán e antecesor nesta parroquia, foi o promotor deste belén. El sempre quixo para Begonte algo distinto e remexía Roma con Santiago para conseguilo como fose... Foi unha gran perda que se perdese novo.

Agora intervíu na conversa o mozo:

-Non foi tal, que ninguén se perde de todo. Só houbo que trasladalo á Igrexa Triunfante; porque había alí necesidade dun crego con amigos para "caciquear" nos Organismos Oficiais axudas en ben dos outros... Xa de seminarista tiña moito carácter e ós oito días de tomar posesión na Triunfante, tamen foi elixido, por unanimidade, arcipreste vitalicio dos Principados e Postestades.

-¿Pero como sabedes vosotros todo iso?-, preguntei.

-Porque somos de Aquí e de Acolá, como xa lle dixemos. A maior parte do tempo pasámola no Alén; pero desde primeiros de decembro baixamos instalar belenes.

-¿Queredes, logo, vir comigo ver este Begonte?-, volví a preguntar.

-Non, que este xa o coñecemos moi ben e fainos falla o tempo. Neste ano aínda non rematamo-la tarefa... Este belén tamén o instalamos nós hai vinte anos. Foi o mil novecentos setenta e dous. Xeara moito aquel ano; pero aquí non se fixo nota-la xeada; que a derretía a fogaxe coa que se traballaba.

Medio receoso, non tiven máis remedio ca dicirles:

-Fíxenvos un favorciño traéndovos de valde no coche cruzando vales e montañas... Paréceme

algo descortés que agora, en paga, tratedes de rírvos de min... ¿Como habiades de instalar vosoutros este belén hai vinte anos, se aínda non tedes vintecinco?

-Disimule, que en ningún momento tivemos intención de magoar; pero, do mesmo xeito que somos de Aquí e de Acolá, tamén somos de Onte e de Hoxe. Nós temos más de dous mil anos.

Volvín a revirarme no meu asento dianteiro e sen miramentos chanteille-la vista nos seus rostros. Non fun home a descubrir nin unha mala engurra. De xeito que xa desistín de seguir con más debaneos e tratei de cortar:

-Pois eu vou appear para preguntarlle ó cura, Xesús, algúns datos sobre as orixes desta obra única en Galicia e pouco repetida no resto do orbe. Quero saber quen lle axudou a seu irmán, D. Xosé, que ando a facer un traballiño sobre belenes irrepetibles.

Sen perde-lo aplomo falou o home: -Os que máis nos axudaron foron: o Varela, que é un creador de figuras e movementos acompañados; a súa muller, Pilar, que anainaba polas noites no seu colo as figuras para que medrasen más apresa; o Dionisio, que tiña unha fábrica de luz na imaxinación e deixou en herdanza ó actual electricista, Xosé Antón, caixóns e caixóns repletos de voltios e quilovatios; o Ramiro; o Sito; a Josefina; o mesmo Xesús... ¿Quere sabe-los nomes de todos?... faríanos falla media tarde para enumeralos.

-E con tanta xente, que tivestes que facer vosoutros?-, seguín preguntando a ver se os achataba xa dunha vez.

-Nós, coma sempre, puxémolo Espírito do Belén e ademais trouxémo-lo melón de Xudea.

É un melón especial, no que se cría e se conserva por moito tempo a solidaridade, que, falando en cristián, dise: fraternidade humana e humanizante, que, polo Deus feito home, fai ós homes máis divinos.

Non entendín moiito; pero pareceume intuir que nas súas palabras había unha mensaxe dignificante e ilusionante. Quedeime uns momentos cavilando; mais, como xa non estaba para moitos debaneos mentais, pois conducira varias horas, optei por seguir xogando o meu xogo de metelos en apretos:

—Falouse antes de Organismos Oficiais... Teño entendido que xa desde os comenzaos colaboran con este belén... ¿Non vai iso en contra do Espírito do Belén ordinario que pasou tan despercibido para a Oficialidade Imperante?

Houbo un pequeno silencio e, logo, falou el:

—Colaboraron e colaboran persoas representativas da Caixa Galicia, da Rural, da Diputación Provincial, do Axuntamento de Begonte, do Ministerio e Consellería de Cultura, de Política Lingüística... Non colaboran os Organismos, colaboran as persoas a eles vencelladas.

Parecían moi sinxelos; pero, se os apertaban eran moi capaces de manexar con soltura os distingos e contra distingos da linguaxe escolástica dos xerarcas. Ben seguro que ese era o xogo deles en resposta ó meu... Cavilei para min: “vese que coñecen a tódolos de aquí; pero vaia que non coñecen ós de fóra. Animado por este pensamento pillabán, lancei a ver se picaban:

—¿E que pinta en todo isto o Xulio Xiz, que non é begontino? El vese que coñece este belén coma a propia palma da man a xuzgar polo libro que escribíu. ¿Tamén axudou a instalalo?

Sen case darmo tempo a rematar, respondeu ela moi resolta:

—¡Quen sabe a de cousas que non serían na provincia sen o Xiz! El é dos que están. Cando finou o seu amigo, don Xosé, perdeu horas de sono temendo que non lle sobrevivise a súa obra. O Xiz é unha especie de rei Midas ou rei Mago que troca en ben canto matina. El é o artífice dos concursos que xiran darredor deste belén e unha especie de enlace que chega máis aló de Suscastros.

—Pode ser; pero os concursos son publicidade e iso tampouco está moi acorde co Espírito do Belén, —retrueei.

—No Belén Orixinario, —volveu a falar ela—, conforme á fermosísima dramatización do Evanxeo de Lucas, a publicidade fixérona os mesmos anxos que despertaron ós pastores... Pero, neste caso, os concursos tamén configuran o Belén; pois son reflexións que axudan á reflexión sobre o Misterio que partíu en dúas á historia. ¿A vostede parécenlle mera publicidade estas palabras dun poema premiado de Pilar Campo: “¡Xesús de Nazaret! / mil novecentos oitenta e cinco anos / vestido de nós, andando a historia, / home na rúa, con sangue e sombra, / alongando unha man cara o vaso da vida”.

Desconcertado e admirado unha vez más, non tiven máis remedio ca volver a indagar:

—Admito que estivesedes nas orixes; pero... ¿como podedes coñecer ese poema trece anos despois?

—Nós nunca esquencemos un belén instalado, e, o mesmo tempo que creamos outros, reparamos os xa feitos; pero, ademais, tódolos poetas, se o son de verdade son nosos amigos porque os

poetas son os que mellor sinten o Espírito da Vida feito carne de Nenío en Belén.

-¡Home! Logo relacionarédesvos no Alén con Anxel Fole.

Sorriron de novo ambos e dous. Logo seguío el:

-¡Madia leva! Fole, Cuevillas, Cunqueiro e Pimentel son os que nos componen paxoxoliñas demandadas mesmo por non crentes. Fole, además é o comendeiro de anainar ós inocentes do Limbo con historias á luz do candil.

Xa para rematar, pois comenzaba a anoitecer, fixen a pregunta máis sofisticada:

-¿Cal é o truco para que tódalas figuras se movan acompasadamente, de xeito que, sen deixar de ser cada unha ela mesma, resulte enriquecido o conxunto comunitario?

-Non hai truco. É que o Varela é un verdadeiro creador, que infundiu vida ós cesteiros, zoqueiros, mataporcos, afiadores, muiñeiros, serradores, viñoteiros, fiadoras, lavandeiras, alfareiros, amas de cría..., mediante unha almiña en forma de motor e diferencial. Pero vaia que non sabe vostede que hai figuras que se moven sen motor?

-¿E iso?

-Iso é posible gracias á enerxía vital que desprenden os milleiros de visitantes e, sobre todo, gracias á vitalidade da Vila e Concello de Bergonte; xa que, cando todo un pobo, impulsado polo Espírito de Belén, toma algo como seu distintivo de identidade, prodúcese un magnetismo enerxético capaz de move-lo inanimado... E se non lle parece mal, dado que vostede tén que parar aquí, imónos apear para seguir facendo autoestop, que queremos chegar antes das doce da noite á Coruña a ver se somos capaces de

instalar alí un belén urbano; anque este ano non vai ser doado; porque nos pillou a dianteira o teimoso Herodes revestido de irresponsabilidade e coroado de deixadez. Si, entrou coma un furtivo na noite por tras da Torre de Hércules.

Antes de despedirnos non podía resistirme a saber quen eran os meus misteriosos viaxeiros; de maneira que soltei o que teño por costume nestes casos:

-Pois, cousa que eu poida, xa sabedes; pero tamén me gustaría saber quen sodes, por se un día volvemos a atoparnos. E se por aí nos atopamos e paso de largo, avisade, que son moi despistado para os rostros.

Miráronse con moita ternura ós ollos e foi o home o primeiro en presentar:

-A miña muller é a Mais Graciosa. A Chea de Gracia.

Logo, mirouno tamén ela chea de cariño e dixo:

-O meu home é o Xusto, o Bo. Graciñas pola viaxe.

Cando me volví para abri-la porta de trás do Kadett, xa non estaban. Sentín vergoña de que me tratases todo o tempo de vostede. Logo achegueime ó belén e non atopei en min nada que preguntar; pero, contemplando todo o conxunto, ben me decatei de que alí no Centro Cultural "Xosé Domínguez" estaba todo Suscastros reducido a medio tego de superficie. Un Suscastros que, lentamente, pero con firmeza e esperanza, vai mellorando ano tras ano, incorporando ora arcos da vella, ora aparición de anxos, porque o Belén enraizado en calquera dos milleiros de Suscastros sempre é proxección renovada de futuro.



MARÍA GUILLERMINA MOSQUERA SÁNCHEZ

Naceu en Monterroso, en 1963. É profesora de E.X.B. no colexio público número 2 de Melide (A Coruña).

Ten acadados numerosos premios de xornalismo, entre eles varios nos certames convocados polo Centro cultural “José Domínguez Guizán”, de Begonte.

É colaboradora de varios xornais e revistas galegas.

Foi fundadora e presidenta da Asociación cultural e artística “Falcatrueiros”, de Monterroso.

O MUSEO DO NADAL

TRINTA E DÚAS

Cada época do ano ten de seu un encanto especial agarimado por un abano de conmemoracións e festividades.

Coma sempre ó remata-lo ano chega o Nadal voando a carón dunha mensaxe de paz e irmandade, de solidariedade e amor lembrán-donos dunha apaixoante tradición belenística.

Neste eido o latexo navideño chairego estoupa de popularidade e a sona lévaa a vila lucense de Begonte, que ano tras ano e dende 1972 segue a celebra-la súa vinte edición enchendo de creatividade un recanto do local do centro cultural Xosé Domínguez Guizán, noutrora escola begontina, para artella-lo fermoso Belén Electrónico, un orixinal retablo dunha superficie de arredor de setenta metros cadrados, cheo de diversidade de feiticeiras figuriñas.

Un traballo artístico que se reparte un colectivo de quince persoas que co seu inigualable maxín e a súa inventiva crean fastuosos movementos visuais perfectamente sincronizados coas marabillosas paisaxes que configuran un auténtico museo do Nadal, conxugando a tecnoloxía máis moderna coa tradición entrañable desta data.

Mención especial merecen o fundador desta obra, D. Xosé Domínguez Guizán, que dende o ceo olla o seu Belén e que adicou a súa vida ó mesmo; o deseñador D. Xosé Rodríguez Varela, que constrúe e da vida a cada unha das esceas e das figuras, a todo o conxunto artístico en xeral, e tamén nomear a laboura do actual impulsor e incansable continuador D. Xesús Domínguez Guizán, párroco de Begonte.

Na devandita obra de arte teñen cabida dende a etnografía, costumes, oficios e labouras do noso quefacer cotián, combinados coas estampas bíblicas curiosas e entrañables ata as esceas graciosas da vida nunha aldeña da Terra Chaluguesa.

Destaca dun xeito sen igual a grata lembranza á arquitectura rural galega, da man do oficio dos canteiros de Pontevedra; numerosas vivendas e casas coas típicas balcónadas e os corredores onde a branca roupa está a secar, un esbelto hórreo, as eiras das casas de labranza adornadas coas medas, o carro, as cabeceiras onde seca o millo, o antergo muíño ubicado na cascada do río Ladra amosa con franqueza a súa utilidade e distribución para moe-los cereais coa forza da auga.

Ríndese con xentileza unha homenaxe ós ancestrais oficios da nosa cultura, o afiador ourenzano, as incansables tecedeiras doutrora co tear, o ferreiro na súa fragua, o carpinteiro na súa caseta cepillando unha táboa, os alfareiros de Bonxe, o cesteiro, as fiadeiras na roca a voltas co liño...

Os costumes e as tradicións da nosa terra fielmente representadas, a matanza do porco, a típica queimada, o lagar e a elaboración minuciosa do bo viño galego, o magosto, o cabrito asado no espeto, entre outras.

Faise unha recopilación bondadosa dos aspectos relixiosos e añorados da tradición beleñística, a Nai Virxe co Neno Deus arrola que te arrollarás, primeiro nos seus brazos e logo no berce, á súa beira San Xosé ollando ó recén con dozura; a mula e o boi dábanlle calorciño de

perto; os Reis Magos figuran estáticos diante do pesebre para facer as ofrendas do ouro, o incenso e a mirra.

O pesebre, centro estelar do retábulo, representa nunha preciosa casa chairega coas lousas no teito e cheminea afumegando sen parar.

Un paraíso artificial concebido para outorgar realce e beleza en función do conxunto artístico onde os costumes, oficios, as paisaxes más logradas acadan a combinación perfecta dunha aldea lucense e do pobo bíblico de Xudea agarrado polo cauce fluvial do Ladra.

As condicións climáticas, choiva, treboada, lóstregos e neve, que acadan un eco máxico e alucinante cheo de luminosidade e fantasía coa recente novedade do arco da vella, sucédense nun intre marabilloso cunha duración aproximada de catorce minutos.

A representación comenza co día, a xente dispouse a traballar, cadaquén na súa laboura, a ledicia brinca nos corazóns dos humáns e dos animais amosando a enerxía e vitalidade nos graciosos movementos.

A modiño agáchase o sol e paseniñamente sae o luceiro dourado da noite bailando ó redor das parpadexantes estreliñas.

De pronto estoupa unha boa treboada, amaina e sae o arco da vella cheo de moitas cores, mais a treboada continúa disfrazada de lóstregos, dun ruído espantoso e apresurado.


Primeiro a tempestade e logo a calma acadan a beleza celestial e un manto nevado acariña docemente a paisaxe nevada.

Un anxo beido percorre o ceo e presaxia a nova do nacemento nesta máxica noitiña.

O que podería semellar un recuncho feiticeiro cheo de paz vaise enchendo de vida e ledicia revuldeira nas notas de musicalidade das panxoliñas.

Begonte, o museo do Nadal, abre as súas portas e agarda a feliz recompensa na visita de moitos curiosos e visitantes que desexen vivir un intre maravilloso que só nesta vila se pode acadar.

Ben merece esta entrañable recopilación a nosa garimosa felicitación pola súa laboura, clara testemuña da sensibilidade artística e adicación dunha das obras ben artelladas en Galicia, cunha inesquecible mostra do sentir galego por excelencia.



XUNTA
DE GALICIA 

DIRECCIÓN XERAL DE
POLÍTICA LINGÜÍSTICA

CENTRO CULTURAL «JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN»
DE BEGONTE (LUGO) – DEC. 1991 - XANEIRO 1992